



Traballo de Historia Oral

Inés Ferreiro Rouco

Elba Tenreiro Uzal

Ficha:

Inés Ferreiro Rouco

Avoa

85 anos

Lanzós, Vilalba (Lugo) 24/08/1923

A Coruña

Guión:

Na primeira parte fálase da infancia de Inés, da súa vida coidando da casa e dos seus irmáns, e das súas costumes na época na que aínda era pequena.

Na segunda parte o tema é a xuventude de Inés, descríbese o que fai no seu tempo de lecer, e como coñece ó que máis tarde sería o seu marido.

Na terceira parte da historia cóntase a súa vida de casada e viuva, a relación cos seus fillos, como se traslada ata A coruña e porque razón. Descríbese o negocio que establece na Gaiteira e como é capaz de lévalo sen axuda dun home.

Na cuarta e última parte, faise unha análise da súa vida ata agora.

Inés Ferreiro Rouco nace no Sixto (Lanzós) o 24 de Agosto do ano 1923. Filla de Xesús Ferreiro (que se atopa en Cuba nese momento) e Isabel Rouco, e irmá maior de tres (os seus outros dous irmaos chamábanse Antonio e Plácido) vive e fórmase na aldea, no seo dunha familia labrega.

Cando Inés cumpre 6 anos, a súa nai morre, e seu



Inés, cando aínda era un bebé.

pai casa coa sobriña que coidaba desta. A raíz desa relación nacen outros cinco fillos: Delia, Rodolfo, Ángel, Víctor e Manolo, que Inés coidará durante grande parte da súa infancia e xuventude.

Asiste á escola por tempadas, é dicir, cando chovía, posto que o gando non se podía alindar, nin a terra se podía traballar. Cando o tempo o permitía, Inés adicábase a plantar diferentes alimentos na horta, coma maínzo, patacas, trigo, centeo...E a coidar dos porcós, galiñas e vacas.

Case todo o que comían ou usaban eran produtos da casa, exceptuando o aceite e o xabón, que mercaban nas tabernas ou tendas. Cando á familia lle sobaban ovos, queixos ou manteca, porque as galiñas puxeran de máis ou as vacas deran moito leite, aproveitaban para ir ó feirón ou á feira, e vendelo todo, para así cos cartos gañados, mercar cousas que non podían producir na casa. Dependendo do día comían unha cousa ou outra. Non sempre podían xantar carne, pero Inés garantiza que nunca pasou fame nin lle faltou comida.

A roupa adoitaban facela na casa, e cando unha rapaza aprendía a coser, xa facía a súas propias prendas. Á hora de ir lavar as roupas, as veciñas ían ó lavadoiro (en Lanzós había dous) e alí, ademáis de limpar as vestimentas, aproveitaban para conversar e latricar sobre as xentes da aldea.

Durmían todos nun mesmo cuarto, as camas tiñan a súa estrutura de madeira e o colchón cun recheo da folla do maínzo, aínda que cando non o había, era de palla. Non existía a luz eléctrica, polo que na casa tiñan dous ou tres candís que levaban sempre consigo.



Isabel e Xesús, pais de Inés.

No seu tempo libre, Inés xogaba cos outros nenos nun carreiro ó escondite, ou a calquera outro xogo para o que non precisasen mercar ningún xoguete, posto que non había cartos para iso.

Ó medrar, e converterse nunha moza, buscou a diversión noutros lugares: nos bailes. Na súa parroquia había catro festas importantes ó ano, e Inés ía a todas. Aínda que ó principio seus pais non lle permitían ir moi lonxe, cando foi un pouco máis vella, xa podía ir ás festas das parroquias lindantes. Os rapaces e rapazas conseguían os cartos para saír sachando nas casas dos veciños, que lles pagaban por facer o traballo máis duro. Cando chegaba o inverno e as festas ó aire libre remataban, a xente nova pasaba o seu tempo de lecer no salón, situado na parroquia, onde cada domingo tocaba un grupo de músicos para que todo o mundo bailara e se divertise nesa xuntanza.

Naquela época as rapazas levaban faldas curtas con medias por riba dos xeonllos. Era impensábel que una moza vestise un pantalón, iso só podían facelo os homes. Inés recorda perfectamente o día no que lle mercaron o seu primeiro abrigo, fixéralle moita ilusión, e coma daquela non había cartos para caprichos, tivéronlle que coser un pedazo de tea polos baixos e mangas cando lle quedou pequeno, para que o poidese aproveitar algún ano máis.

Pero todas as alegrías e celebracións narradas anteriormente non existían na guerra. Inés recorda aqueles anos con tristeza, posto que moitos membros ou amigos da súa familia vense obrigados a marchar. Lembra con tristeza os camións que partían coa xente querida, e o peor era que moitas daquelas persoas non volverían nunca. Ela ía de cando en vez ó correo, agardando que alí houbera unha carta do mozo militar dunha prima súa. Non era para ela, pero igualmente facíalle ilusión, porque o ir a burcar alguna carta, significaba que tiñas un Parente ou amigo con vida aínda. Quizais a única lembranza daqueles anos que fai que na súa cara apareza un sorriso.

No ano 1947 Inés casa con Xosé Antonio



Antón, fillo de Inés, cando era un bebé.

Tenreiro, un rapaz que coñecera nos bailes. Gustáballe, pero aínda así había mozos que lle atraían máis. Seu pai díxerlle que Xosé Antonio era o mellor que podía atopar, tiña leiros, e iso naquela época podía solucionarlles a vida. A parella vive nunha pequena casa situada no Coto, preto da casa dos pais de Inés. Alí nace Isabel, no ano 1948, e doce anos despois ven ó mundo o seu irmán Antón.



Isabel, filla do matrimonio, de pequena.

O tempo pasa, e case todos os irmáns de Inés marcharan para a Coruña. É cando ela decide chamar a Antonio (o seu irmán) e pedirle axuda para ir cara á cidade. Inés vende as dúas vacas que tiña, e coa axuda deses poucos cartos e cos que lle presta Antonio, aluga un piso e establece un negocio na Gaiteira.

De cando en vez ían a Vilalba no coche que tiñan, pero tampouco moitas veces, porque tiñan un negocio que manter, e iso obrigaba a Inés a estar na Coruña case todos os días.



Dúas fotos carné do marido de Inés, Xosé Antonio.

Ó principio non estaba moi acostumada a levar a tenda (na que vendía leite, pan e demais produtos) e anotaba todas as súas vendas nunha pequena libreta que despois lle ensinaba ó seu irmán. Pero pouco a pouco foi facéndose con máis clientes. Primeiro era seu marido o que ía buscar o leite co coche, axudandoa co negocio. Pero ó morrer este, no ano 1967, Inés viuse obrigada a sacar o carné de conducir, converténdose nunha das primeiras mulleres en telo de toda A Coruña.

A filla de Inés traballaba como



Xosé Antonio cuns amigos e co seu camión.

perruqueira no piso, mentres que Antón compaxinaba os seus estudos co traballo que facía na tenda. Pero un día Ánton marcha a León ó servicio, e Inés decide contratar a un mozo que lle axude nas labores de reparto.

Tempo despois, Inés xa ten uns cantos cartos aforrados, e con eles merca o piso no que estaba alugada e outro máis en Santa Cristina. Isabel, a súa filla, merca un local na zona de Catro Camiños e establece alí a súa perruquería ata o día de hoxe.



Inés, Antón e Isabel no casamento de Víctor, cos noivos.

Inés xubíbase ós 65 anos e deixa a tenda. Aínda que tivera seguido co negocio, o Corte-Inglés estaba a captar moitos dos seus clientes, polas facilidades que lles prestaba. Ela supuxo que non duraría moito máis con aquela competencia.

Ó día de hoxe, Inés Ferreiro Rouco pode estar orgullosa da vida que levou, atopándose con moitos obstáculos e impedimentos, soubo seguir cara adiante facéndose cada vez máis forte, aprendendo dos seus erros e amosando a súa valentía ó ter que manter unha familia, sen máis axuda que as súas propias mans e as dos seus.